

O paseo lévanos á faldra do **Monte Pedroso** e ofrécenos espléndidas vistas de Santiago, á vez que podemos gozar de tres destacadas zonas verdes, tanto por extensión como pola existencia de árbores singulares e de zonas de lecer e descanso.

Propónse o seu inicio na **Ponte da Asén**, no **Parque das Galerías**, pola súa proximidade á cidade histórica e porque conta con zonas de aparcamento, servizos de restauración, parque infantil, etc.

Desde a Ponte da Asén, acompañamos o río Sarela augas abaixo uns metros pola rúa da dereita até chegar á **Fonte do Ouro**. Alí, subimos as escaleiras que conducen ao **Parque do Monte Pío** e á entrada norte do parque **Finca do Espiño**, pola que accedemos.

Recoméndase percorrer os sendeiros deste parque para desfrutar da súa riqueza botánica, da arquitectura de estilo neogótico do **Pazo do Espiño** e das vistas cara á posta de sol.

Deixamos o parque pola saída de poñente, que sae a unha costa, a rúa de Monte Pío, que bordea a residencia presidencial de Galicia e nos conduce a unha zona de miradoiro cara a cidade.

No cruceiro cruzamos en dirección á **Fonte e Lavadoiro de Casas Novas**, para baixar pola rúa do Empedrado e, tras pasar por diante da **Capela de San Paio do Monte**, collemos a pista á esquerda, cara ao bosque.

O camiño segue recto por unha contorna boscosa até un muro que dá acceso á **Selva Negra**, chamada así pola súa densa vexetación. Tomamos unha senda que descende á dereita e no cruzamento de camiños atoparemos os sinais da **ruta Xiro dos Montes (Monte Pedroso-Monte Vidán)**, que nos acompañarán, aínda que en sentido contrario, durante un pequeno tramo. Seguindo esas marcas á inversa, pasamos a **Fonte da Selva Negra**, que se supón acompañaba unha capela da que non se conservan restos.

O camiño segue polo sendeiro deixando á nosa esquerda a canle dun regato ocasional, que debemos cruzar, seguindo as marcas do Xiro dos Montes, para seguir a senda ascendente. Máis arriba, no cruzamento de camiños continuamos pola dereita, pasando por unha área de descanso con bancos e vistas. Seguimos até confluir cunha pista maior, onde xiramos á esquerda proseguindo a subida uns cantos metros ata o acceso á **Granxa do Xesto**.

Na bifurcación collemos o camiño da esquerda, que bordea a tirolesa e a cafetaría, e no cruzamento, ascendemos lixeiramente para tomar o sendeiro que discorre paralelo ao estanque ata chegar á área recreativa. Unha vez alí, viramos á dereita para iniciar o camiño de volta, pasando pola rotonda e seguindo a calzada en dirección á cidade. Ao chegar de novo a Monte Pío, a rúa da esquerda lévanos directamente a Ponte da Asén.



sendas próximas

01. Río Sarela arriba >>

02. << Río Sarela abaixo

04. Monte Pedroso

• Xiro dos Montes "Monte de Deus – Monte Pedroso – Monte de Vidán"



ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradías.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.

> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com



co apoio de

Deputación
DA CORUÑA



san 03

santiago
natural

sendas

de Santiago de Compostela

**Finca do Espiño >
Selva Negra >
Granxa do Xesto**



distancia:
4,44 km

duración 1.30 h
dificultade baixa



RUTA VIRTUAL



ruta
circular




ruta
senderismo



ruta
BTT



parcialmente
sinalizada



- Bosque / Zona verde
- Parque / Área recreativa / Zona infantil
- Ponte
- Punto de interese
- Miradoiro
- Zona de Restauración
- Parada de autobús
- Aparcamiento